

Fundación Repsol e Xunta de Galicia convocan unha nova edición do Premio Narrativa Breve

- O obxectivo desta iniciativa impulsar e reforzar a creación de literatura en lingua galega e promover o seu uso social, un dos ámbitos prioritarios para a política lingüística.
- O anuncio do lanzamento da nova edición tivo lugar na Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel, onde o secretario xeral de Política Lingüística, a xerente da Área Institucional de Fundación Repsol e o director xeral da Editorial Galaxia fixeron entrega dunha colección das obras galardoadas en pasadas edicións.
- Ao longo das súas edicións o Premio Narrativa Breve Repsol consolidouse como un certame de referencia no panorama das letras galegas, sendo dezaseis as novelas publicadas e cerca de 500 as obras que se presentaron ao concurso desde a súa creación.

A dotación económica do Premio ascende a 12.000 euros e inclúe a publicación da novela curta por parte da Editorial Galaxia. A recepción das obras será ata o 31 de xullo

A **Fundación Repsol** e a **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades** convocan a XVII edición do Premio Narrativa Breve Repsol co obxectivo de impulsar e reforzar a creación de literatura en lingua galega e promover o seu uso social, un dos ámbitos prioritarios para a política lingüística.

O anuncio do lanzamento da nova edición tivo lugar na **Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel**, onde o secretario xeral de Política Lingüística, **Valentín García**, a xerente da Área Institucional de Fundación Repsol, **Mercedes Gómez Badiola**, e o director xeral da Editorial Galaxia, **Francisco Castro**, fixeron entrega ao centro de lectura dunha colección das obras galardoadas en pasadas edicións. Desta maneira a Biblioteca Juan Compañel poderá ofrecer e acercar aos seus preto de 1.000 visitantes diarios a lectura e calidade de quince novelas premiadas ao longo das edicións.

Esta entrega forma parte do proxecto “Bibliotecas Galegas coa Narrativa Breve Repsol” co cal Repsol está a distribuír unha colección para cada unha das 300 bibliotecas públicas que conforman a Rede da Xunta de Galicia. En total 4.500 exemplares do Premio editados por Editorial Galaxia que van permitir reforzar e facer máis visible a creación e talento literario dos autores, verdadeiros artífices do galardón.

Ao longo das súas edicións o Premio Narrativa Breve Repsol consolidouse como un certame de referencia no panorama das letras galegas, sendo dezaseis as novelas xa publicadas e cerca de 500 as obras que se presentaron ao concurso desde a súa creación.

Para a XVII edición a dotación económica do Premio ascende a 12.000 euros e inclúe a publicación da novela curta por parte da Editorial Galaxia. A obra gañadora se dará a coñecer no mes de setembro e as bases de participación desta última convocatoria están dispoñibles nas webs de fundacionrepsol.com e acoruna.repsol.es. **As obras poderán enviarse ata o próximo 31 de xullo.**

O Premio Narrativa Breve Repsol: contando historias desde 2006

O Premio Narrativa Breve foi creado no ano 2006 polo Complexo Industrial de Repsol da Coruña e vertebrado de forma conxunta coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, co obxectivo de fomentar a cultura e a lingua galega.

No 2010, Fundación Repsol toma a substitución no impulso do certame, que, desde o seu inicio, conta co apoio da Real Academia Galega e da Asociación de Escritoras i Escritores en Lingua Galega, así como coa estreita colaboración da Editorial Galaxia, que editou as anteriores obras gañadoras.

Na primeira edición, en 2006, o xornalista **Miguel Sande** conseguiu este galardón pola súa obra *Se algún día esta muller morta* e **Xavier Lama**, profesor da USC e xornalista, conseguiu un accésit por *O insomnio dos centauros*. A gañadora da segunda edición foi a obra *Así nacen as baleas*, da escritora **Ángeles Sumai**, e na terceira o narrador, dramaturgo e debuxante humorístico **Xosé Luís Martínez Pereiro** obtivo o galardón por *A verdade como mal menor*.

Na edición 2010 o premio foi para o escritor, **Xurxo Sierra**, pola súa obra *Os Fios. Microbios e outros paquidermos* de **Fernando Díaz-Castroverde** gañou a edición de 2011. En 2012, o galardón foi para *A forma das nubes*, de **María López Sandez**; mentres que no 2013 a novela curta gañadora foi *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de **Berta Dávila**. No 2014 **Santiago Lopo** conseguiu o premio grazas á súa obra *A Diagonal dos Tolos* e no 2015 a novela galardoada foi *Fontán do vigués*, **Marcos Calveiro**. **Daniel Asorey** converteuse no gañador da edición de 2016 con *Nordés*. O xornalista, escritor e profesor, **Xosé A. Neira Cruz**, obtivo o galardón por *O sono das sereas* no 2017 e o monfortino, **Antón Lopo**, gañou no 2018 pola súa obra *Extraordinario*.

Nas edicións de 2019 e 2020 foron galardoados dous novos escritores galegos: **Gonzalo Hermo** pola súa obra *Diario dun enterro* e **Berta Dávila** converteuse por segunda vez en gañadora deste galardón coa súa novela breve *Illa Decepción*. No 2021, a novela *Eternity* do escritor **Xosé Monteagudo** foi a obra elexida polo xurado para obter o premio, e no 2022 o xornalista e escritor, **Alberto Ramos**, é o último gañador pola súa novela *Os corpos dos Romanov*, que se atopa actualmente dispoñible en librerías tras a súa publicación en decembro.